

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

EXTRACTO da Orde do 27 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrência competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2021 destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT811A).

BDNS (Identif.): 566819.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/inditex>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderanse acoller a estas axudas as corporacións locais que teñan a competencia da recollida e tenza dos animais de compañía abandonados no ámbito territorial correspondente. Tamén poderán ser beneficiarias as agrupacións de entidades locais (agrupación, asociación, mancomunidade, consorcio, fusión ou calquera outra similar).

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á protección de animais domésticos de compañía abandonados en Galicia, relativas á atención e ao coidado dos animais domésticos de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados e/ou formen parten de colonias felinas reguladas no artigo 26 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, así como convocar para o ano 2021 (código de procedemento MT811A) axudas destinadas ás entidades locais.

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 27 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrência competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2021 destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT811A).



Cuarto. *Contía*

O importe asignado é de douscentos trinta mil euros (230.000,00 €), sen prexuízo do incremento orzamentario que se poida realizar con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 16 de setembro de 2021.

Sexto. *Outros datos*

As axudas a que se refire esta orde comprenden os gastos subvencionables recollidos no seu artigo 2 que sexan efectivamente realizados no período comprendido entre o 1 de setembro de 2020 e o 31 de agosto de 2021.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2021

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CVE-DOG: mx3lntd5-3dd0-aou3-bgs4-wm5ljjeod7h9

